

* Pola Confederación de Empresarios de Galicia.
-Titular: José Manuel Maceira Blanco.
-Suplente: Laura Otero Rúa.
Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 15 de xaneiro de 2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica, así como de acreditación de unidades de competencia.

A Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro), pola que se regulan as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia, indica, no artigo 4, que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará, polo menos unha vez ao ano, probas para a obtención dos títulos de técnico e/ou de técnico superior de formación profesional específica, para os ciclos formativos e para as prazas que se determinen, e nos centros que se autoricen para tal fin.

É por iso que, en virtude da autorización que lle confire a disposición derradeira primeira da devandita orde, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta resolución ten por obxecto convocar a realización de probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica de determinados ciclos formativos, así como para a acreditación das unidades de competencia, para o ano 2007, de conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro), pola que se regulan as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.-Prazas, ciclos formativos, módulos e centros.

Convócanse vinte e cinco prazas para cada un dos ciclos que se recollen no anexo I. No caso de se autorizaren probas para un mesmo ciclo en dous centros diferentes o número de prazas será de 25 por centro e ciclo.

Neste anexo reflíctense as unidades de competencia cos seus módulos asociados pertencentes a cada ciclo, así como aqueles susceptibles de validación.

Os criterios de selección de persoas candidatas establécense aplicando o baremo recollido no anexo VI desta resolución.

As probas realizaranse nos centros integrados de formación profesional (CIFP). En caso de existir algunha familia profesional que non se imparta nos CIFP poderase autorizar excepcionalmente outro centro que reúna os requisitos adecuados.

Os centros onde se levarán a cabo estas probas son os relacionados no anexo II.

Terceiro.-Solicitudes de inscrición.

As solicitudes de inscrición, segundo o modelo que se recolle no anexo III, presentaranse no centro docente no que se vaian realizar as probas de cada ciclo, no período comprendido entre os días 12 e 22 de febreiro de 2007, ambos os dous incluídos.

As persoas interesadas poderán inscribirse por módulos dun mesmo ciclo formativo ou nun ciclo formativo completo.

Cuarto.-Documentación.

As persoas aspirantes deberán achegar á súa solicitude a seguinte documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5.2º da Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro):

a) Para quen acredite dous anos de experiencia laboral como requisito de acceso:

-Fotocopia compulsada do DNI.

-Para traballadores e traballadoras por conta allea.

*Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que conste a vida laboral, ou da mutualidade laboral á que se teña afiliación, onde se especifique a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación; ou calquera outro medio de proba admitido en dereito.

*Certificación da empresa en que se adquirira a experiencia laboral, na que se reflita especificamente a duración do contrato, a categoría laboral, a actividade desenvolvida e o período en que se realizou a devandita actividade.

-Para traballadores e traballadoras por conta propia: certificación da alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, período de cotización no seu réxime especial de cotización de traballadores autónomos.

b) Para quen acredite ter cursado con anterioridade ensinanzas profesionais relacionadas co sector profesional correspondente:

-Fotocopia compulsada do DNI.

-Fotocopia compulsada da certificación xustificativa da formación achegada, emitida pola entidade ou institución que a impartira, en que conste a data, a duración en horas e os contidos concretos desenvolvidos nela. Para que se considere este punto requirirase un mínimo de 300 horas de formación. Naqueles casos en que a duración da actividade formativa achegada veña expresada en créditos, con-

siderarase cada crédito equivalente a dez horas de formación, agás indicación expresa noutro sentido na certificación emitida pola entidade correspondente. Non se terán en conta as certificacións en que non conste expresamente o número de horas ou os créditos de duración.

Ademais, todas as persoas candidatas deberán presentar:

-Declaración xurada, segundo o modelo do anexo IV desta resolución, en que se faga constar que non se ten matrícula formalizada en ningunha modalidade das ensinanzas conducentes ao mesmo título.

-No caso de solicitude de acreditación de competencias profesionais, para especificar a traxectoria formativa e profesional utilizarase o modelo recollido no anexo V.

Quinto.-Información.

O departamento de orientación dos centros autorizados, coa colaboración de persoas expertas da familia profesional correspondente, darán información sobre o proceso de avaliación e recoñecemento das competencias profesionais para que se poida seguir adecuadamente o proceso, e formalizar e presentar a documentación pertinente. Ademais, informarán de que estas probas están financiadas nun 80% polo Fondo Social Europeo e nun 20% por fondos da comunidade autónoma.

Sexto.-Orientación e asesoramento.

A fase de orientación e asesoramento terá lugar do 19 de marzo ao 4 de maio nos centros onde se realicen as probas. Esta fase levarase a cabo en cada caso por un equipo orientador, formado por un orientador ou unha orientadora, e unha persoa experta da familia profesional correspondente, coa autorización da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, que se seleccionará entre o persoal técnico cun mínimo de catro anos de experiencia no sector e que superara previamente un proceso de formación específica.

Nesta fase o candidato ou a candidata que reciban a asesoría do equipo orientador:

-Completarán a súa carpeta de logros profesionais, onde quedará reflectido o seu inventario de competencias cos seus documentos xustificativos.

-Cubrirán o test de autoavaliación.

Ademais, o equipo orientador, unha vez analizado o inventario de competencias e o test de autoavaliación:

-Informará a persoa candidata da conveniencia de seguir no proceso ou de realizar formación complementaria.

-Elaborará un informe para a comisión de avaliación onde se indique o resultado do test de autoavaliación, así como das evidencias achegadas polo candidato ou a candidata.

Sétimo.-Avaliación.

A fase de avaliación para o recoñecemento da competencia profesional terá lugar desde o 7 de maio ao 4 de xuño, e a avaliación mediante proba dos módulos realizarase entre o 18 e o 19 de xuño. Esta fase de avaliación levaraa a cabo unha comisión de avaliación.

a) Comisións de avaliación.

Con anterioridade ao día 22 de febreiro de 2007, constituirase a comisión de avaliación prevista no artigo 10 da Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro) coa finalidade de organizar, desenvolver e facer o seguimento do proceso de avaliación e certificación das unidades de competencia e dos módulos do ciclo formativo, determinar os espazos en que se vaian levar a cabo as probas, e valorar e cualificar os resultados obtidos.

A comisión de avaliación estará constituída por cinco membros, dos que un ocupará a presidencia, outro a secretaría, e os outros tres serán vogais. Todos estes membros terán que dispor da habilitación como avaliadores ou avaliadoras pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, seleccionaranse entre o persoal técnico cun mínimo de catro anos de experiencia no sector para o que teñan habilitación, e deberán superar un proceso de formación específica.

b) Avaliación das competencias profesionais.

A avaliación das competencias profesionais farase a partir das unidades de competencia e dos módulos que se relacionan no anexo I.

A comisión de avaliación planificará a avaliación individual para cada persoa candidata, onde se especificarán as actividades de avaliación e os métodos que se vaian utilizar, tendo en conta a guía de evidencias que cada comisión de avaliación terá que realizar, así como os lugares e as datas que se prevegan.

Nesta fase, a comisión de avaliación, seguindo o plan de avaliación, realizaralle a entrevista de avaliación á persoa candidata, que deberá realizar as actividades propostas pola comisión para a recollida da evidencia de competencia. O avaliador ou a avaliadora poderán solicitar da persoa candidata:

-A observación no posto de traballo, á que, de ser posible, se lle deberá dar prioridade.

-A información complementaria que considere necesaria.

-A defensa dun tema profesional puntual.

-A realización de técnicas de simulación ou probas prácticas.

A comisión de avaliación deberá elaborar un informe para o equipo orientador onde se especifique, de ser o caso, a formación requirida polo candidato ou a candidata para compensar o seu déficit de competencia.

A comisión de avaliación informará as persoas candidatas, a través do taboleiro de anuncios do centro, das actividades e das probas que esta pretenda realizar para a valoración de cada unidade de competencia, así como dos criterios de avaliación e/ou de realización destas probas.

A acreditación da correspondente unidade de competencia requirirá a avaliación final positiva emitida pola comisión de avaliación.

c) Avaliación mediante proba dos módulos do ciclo formativo.

As probas realizaranse durante o período comprendido entre o 18 e o 19 de xuño, segundo o calendario que se publique no taboleiro de anuncios do centro antes do día 5 de xuño.

Os resultados da avaliación final das competencias profesionais, así como a cualificación final de cada módulo e a global do ciclo formativo, de ser o caso, faranse constar nunha acta que asinarán todos os membros da comisión e que se custodiará na secretaría do centro onde se realicen as probas.

As comisións de avaliación actuarán de acordo coas disposicións desta resolución e coas instrucións que oportunamente emita a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

d) Cualificación.

A cualificación do módulo que resulte da avaliación de competencias profesionais derivada da aplicación da alínea b) deste mesmo punto será a de validado ou validada, ou non validado ou non validada.

A cualificación dos módulos que resulten da avaliación mediante proba derivada da aplicación da alínea c) será de 1 a 10, sen decimais, excepto o de formación en centros de traballo, que será cualificado como apto ou apta, ou non apto ou non apta. Neste caso, para superar cada módulo deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5.

Os resultados da avaliación das probas dos módulos faranse constar nunha acta, segundo o modelo establecido no anexo VII, que deberán asinar todos os membros da comisión de avaliación e que se deberá custodiar na secretaría do centro.

A cualificación final do ciclo formativo, cunha soa cifra decimal, será a media aritmética das cualificacións dos módulos que o compoñen que teñan expresión numérica.

Os módulos validados por acreditación de competencias cualificaranse como validados e, para a obtención da nota media do ciclo, cuantificaranse como cinco puntos.

Oitavo.-Calendario.

a) Admisión de candidatos e candidatas.

A relación provisional de persoas inscritas para as probas publicarase no taboleiro de anuncios do centro o día 23 de febreiro.

A secretaría do centro remitiralle á comisión de avaliación as solicitudes de inscrición das persoas candidatas para a comprobación dos requisitos establecidos na Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro), pola que se regulan as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica.

Os criterios de selección, cando houber máis persoas candidatas que prazas, recóllense no anexo VI.

Antes do día 7 de marzo publicarase no centro a relación provisional de aspirantes que se seleccionasen para iniciar o proceso de recoñecemento de competencias.

A persoas aspirantes poderán presentar, no mesmo centro, reclamacións contra estas listaxes provisionais no período comprendido entre os días 7 e 13 de marzo.

A relación definitiva de persoas admitidas publicarase no taboleiro de anuncios do centro o día 16 de marzo.

Ante esta resolución poderá interperse recurso de alzada ante a dirección xeral competente en materia de formación profesional no prazo dun mes.

b) Avaliación de competencias profesionais.

A fase de avaliación de competencias realizarase con base no punto sétimo.

Os resultados provisionais da avaliación das competencias deberanse expor no taboleiro de anuncios do centro o día 5 de xuño. Contra os resultados provisionais desta avaliación pódense presentar reclamacións ante a comisión de avaliación no prazo comprendido entre os días 6 e 8 de xuño, ambos incluídos.

Os resultados definitivos da avaliación das unidades de competencia e a relación dos correspondentes módulos validados publicaranse no taboleiro de anuncios do centro o día 12 de xuño.

O incumprimento grave, por parte da persoa solicitante de recoñecemento, das normas de prevención, protección e seguridade que se deban aplicar en cada proba provocará a súa interrupción e a valoración negativa da competencia correspondente.

c) Probas da avaliación dos módulos do ciclo formativo.

As probas realizaranse os días 18 e 19 de xuño, segundo o calendario que se publique no taboleiro de anuncios do centro educativo antes do día 5 de xuño, no que se indicará o día, a hora, o lugar e a necesidade de útiles ou instrumentos para cada parte da proba correspondente a cada módulo profesional.

A comisión de avaliación establecerá e fará públicas no taboleiro de anuncios do centro, antes do 5 de xuño, as características, os criterios de corrección e superación, e o carácter eliminatorio, de ser o caso, de cada proba.

O incumprimento grave por parte da persoa solicitante de recoñecemento, ou a non observancia das normas de prevención, protección e seguridade que se deban aplicar en cada proba provocará a súa interrupción e a valoración negativa do módulo correspondente.

Os resultados provisionais da cualificación das probas de avaliación dos módulos deberanse expor no taboleiro de anuncios do centro o día 20 de xuño. Contra os resultados provisionais desta avaliación pódense presentar reclamacións ante a comisión de avaliación no prazo comprendido entre o 21 e o 22 de xuño. A cualificación definitiva dos módulos publicarase no taboleiro de anuncios do centro o día 28 de xuño.

Noveno.-Reclamacións.

Contra a resolución definitiva poderá interporse recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais no prazo dun mes.

Décimo.-Validacións e exencións.

Os alumnos e as alumnas que se presenten a estas probas poderán solicitar validación dos módulos recollidos nos anexos IV, V e VI da Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro), e na Orde do 8 de outubro de 2002 (DOG do 17 de outubro), pola que se rectifican os erros advertidos na devandita orde.

Tamén terán dereito a solicitar a exención do módulo de formación en centros de traballo (FCT) pola correspondencia coa práctica laboral, presentando a documentación indicada no artigo 20.3º da Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro). As solicitudes de exención do módulo de FCT pola correspondencia coa práctica laboral deberán presentarse no momento da inscrición e formalizáranse no modelo de instancia establecido para tal efecto no anexo IX da orde anteriormente citada.

As solicitudes de validación deberán presentarse no momento da inscrición e formalizáranse no modelo de instancia establecido para tal efecto no anexo VII da dita orde.

As validacións e a exención do módulo de FCT resolveraa o director ou a directora do centro en que se realicen as probas libres, que lle deberán comunicar o resultado á comisión de avaliación.

Décimo primeiro.-Certificación e rexistro.

A avaliación positiva das competencias profesionais dunha unidade de competencia ou a superación dos módulos asociados a ela suporá o dereito da persoa candidata á acreditación da unidade de competencia.

O secretario ou a secretaria do centro certificarán os módulos superados, exentos ou validados, segundo o modelo presentado no anexo IX.

As persoas que teñan superada a totalidade dos módulos dun ciclo formativo e reúnan os requisitos

académicos establecidos regulamentariamente para o acceso a estas ensinanzas poderán solicitar a expedición do correspondente título, segundo o modelo que se recolle no anexo X.

O rexistro dos títulos expedidos farase de acordo co procedemento establecido na Orde do 25 de abril de 1997 (DOG do 20 de maio), de creación e regulación do rexistro de títulos académicos e profesionais non universitarios de Galicia.

Décimo segundo.-Publicidade do proceso.

As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como os centros docentes onde se vaian realizar as probas, impulsarán a difusión e a publicidade desta convocatoria para o coñecemento de todos os colectivos interesados. Os gastos de difusión e publicidade das probas, así como do seu desenvolvemento, asumiranse con cargo aos gastos de funcionamento dos centros docentes habilitados para tal fin, que estarán cofinanciados nun 80% polo Fondo Social Europeo.

Na publicidade, na difusión, na convocatoria, nas solicitudes e nos outros documentos, así como nos lugares onde se realicen as probas, deberá figurar que estas están cofinanciadas pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e o Fondo Social Europeo, ambas as denominacións cos seus respectivos logotipos.

Décimo terceiro.-Memoria.

As persoas que presidan as comisións de avaliación remitirán unha memoria do proceso á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, entre o 2 e o 6 de xullo, segundo modelo facilitado pola devandita dirección xeral.

Décimo cuarto.-Recursos.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poden interpor recurso de alzada ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o que dispoñen os artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais ditará cantas instrucións se precisaren para o cumprimento desta resolución.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2007.

Antonio Vázquez Vázquez
Director xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Módulo profesional	Unidade de competencia asociada	Susceptible de validar por:	
		Formación profesional ocupacional	Práctica laboral
Representacións de construción	2. Representar os planos de proxectos de construción	X	X
Medicións e valoracións	3. Medir e certificar unidades de obra	X	X
Plans de obra	4. Realizar o seguimento da planificación de obra		
Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	5. Realizar a administración, a xestión e a comercialización nunha pequena empresa ou dun taller	X	
Proxecto de edificación			
Proxecto de obra civil			
Formación e orientación laboral			X
Formación en centros de traballo			X

Familia profesional: electricidade e electrónica.
 Ciclo formativo: equipos e instalacións electrotécnicas.
 Real decreto polo que se establece o título: 623/1995, do 21 de abril (BOE do 17 de agosto).
 Decreto polo que se establece o currículo: 240/1997, do 30 de xullo (DOG do 12 de setembro).

Módulo profesional	Unidade de competencia asociada	Susceptible de validar por:	
		Formación profesional ocupacional	Práctica laboral
Instalacións eléctricas de enlace e centros de transformación	1. Construir e manter equipamentos e instalacións de distribución e subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión	X	X
Instalacións singulares en vivendas e edificios	2. Construir e manter instalacións singulares no contorno dos edificios	X	X
Instalacións automatizadas en vivendas e edificios	3. Construir e manter equipamentos e instalacións electrotécnicas automatizadas	X	X
Mantemento de máquinas eléctricas	4. Construir, manter e ensaiar máquinas eléctricas estáticas e rotativas	X	X
Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	5. Realizar a administración, a xestión e a comercialización nunha pequena empresa ou nun taller	X	
Electrotecnia		X	X
Instalacións eléctricas de interior		X	X

Módulo profesional	Unidade de competencia asociada	Susceptible de validar por:	
		Formación profesional ocupacional	Práctica laboral
Organización dos traballos de acabados de construción	1. Organizar os traballos de acabados de construción.		
Revestimentos continuos conglomerados	2. Realizar revestimentos continuos conglomerados.	X	X
Pavimentación e colocación de azulexos	3. Pavimentar e azulexar.	X	X
Revestimentos en láminas	4. Realizar revestimentos en láminas.	X	X
Pinturas e vernices	5. Aplicar pinturas e vernices.	X	X
Paneis prefabricados	6. Montar e fixar paneis prefabricados.	X	X
Seguridade na construción	7. Comprobar os medios de seguridade previstos no plan.		
Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	8. Realizar a administración, a xestión e a comercialización nunha pequena empresa ou dun taller.	X	
Formación e orientación laboral			X
Formación en centros de traballo			X

Módulo profesional	Unidade de competencia asociada	Susceptible de validar por:	
		Formación profesional ocupacional	Práctica laboral
Normas e proxectos de construción	1. Desenvolver proxectos e supervisar a realización de planos		X

Módulo profesional	Unidade de competencia asociada	Susceptible de validar por:
		Formación profesional ocupacional
		Práctica laboral
Automatismos e cadros eléctricos		X
Relacións no equipo de traballo		
Calidade		
Seguridade nas instalacións eléctricas		
Formación e orientación laboral		X
Formación en centros de traballo		X

Familia profesional: fabricación mecánica. Ciclo formativo: soldadura e caldeiraría. Real decreto polo que se establece o título: 1657/1994, do 22 de xullo (BOE do 27 de setembro). Decreto polo que se establece o currículo: Decreto 213/2000, do 21 de xullo (DOG do 15 de setembro).		Susceptible de validar por:
Módulo profesional	Unidade de competencia asociada	Formación profesional ocupacional
		Práctica laboral
Desenvolvementos xeométricos en construcións metálicas	1. Trazar, cortar, mecanizar e conformar chapas, perfis e tubos para construcións metálicas	X
Mecanizado en construcións metálicas	1. Trazar, cortar, mecanizar e conformar chapas, perfis e tubos para construcións metálicas	X
Trazado e conformado en construcións metálicas	1. Trazar, cortar, mecanizar e conformar chapas, perfis e tubos para construcións metálicas	X
Soldadura en atmosfera natural	2. Unir por soldaxe pezas e conxuntos para fabricar, montar ou reparar construcións metálicas	X
Soldadura en atmosfera protexida	2. Unir por soldaxe pezas e conxuntos para fabricar, montar ou reparar construcións metálicas	X
Montaxe de construcións metálicas	3. Montar elementos e subconxuntos de construcións metálicas	X
Calidade en construcións metálicas	4. Realizar operacións de control de calidade na construción metálica	
Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	5. Realizar a administración, a xestión e a comercialización nunha pequena empresa ou nun taller	X
Relacións no contorno de traballo		
Seguridade nas industrias de construcións metálicas		
Formación e orientación laboral		X
Formación en centros de traballo		X

Familia profesional: hostalaría e turismo. Ciclo formativo: coñiña. Real decreto polo que se establece o título: 2219/1993, do 17 de decembro (BOE do 11 de marzo de 1994). Decreto polo que se establece o currículo: 147/1999, do 23 de abril (DOG do 26 de maio).		Susceptible de validar por:
Módulo profesional	Unidade de competencia asociada	Formación profesional ocupacional
		Práctica laboral
Ofertas gastronómicas e sistemas de aprovisionamento	1. Confeccionar ofertas gastronómicas, realizar o aprovisionamento e controlar consumos	
Preelaboración e conservación de alimentos	2. Manipular en cru e conservar toda clase de alimentos	X
Técnicas culinarias	3. Preparar e presentar elaboracións básicas e pratos elementais	X
Repostaría	4. Preparar e presentar produtos de pastelería e repostaría	X
Técnicas básicas de servizo e de preparación de alimentos e bebidas a vista do cliente	5. Montar servizos tipo bufé, self-service ou análogos, preparar alimentos e bebidas a vista do cliente, e apoiar actividades de servizo.	X
Elaboración e produtos culinarios	6. Preparar e presentar diferentes tipos de pratos da cocina rexional, nacional, internacional e creativa.	
Administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa	7. Realizar a administración, a xestión e a comercialización nunha pequena empresa ou nun taller.	X
Lingua estranxeira (inglés)		
Formación e orientación laboral		X
Formación en centros de traballo		X

Familia profesional: hostalaría e turismo. Ciclo formativo: servizos de restaurante e bar. Real decreto polo que se establece o título: 2221/1993, do 17 de decembro (BOE do 10 de marzo de 1994). Decreto polo que se establece o currículo: 283/1999, do 7 de outubro (DOG do 6 de novembro)		Susceptible de validar por:
Módulo profesional	Unidade de competencia asociada	Formación profesional ocupacional
		Práctica laboral
Ofertas gastronómicas e sistemas de aprovisionamento	1. Confeccionar ofertas gastronómicas, realizar o aprovisionamento e controlar consumos.	
Bebidas	2. Asesorar sobre bebidas, preparalas e presentalas	X

Módulo profesional	Unidade de competencia asociada	Susceptible de validar por:	
		Formación profesional ocupacional	Práctica laboral
Técnicas elementais de cocinfa	3. Preparar e presentar aperitivos sinxelos, canapés, bocadillos, pratos combinados e pratos á vista do cliente 4. Preparar e realizar as actividades de preservizo, servizo e posiservizo na área de consumo de alimentos e bebidas.		X
Técnicas de servizo e atención ao cliente	5. Realizar a administración, a xestión e a comercialización nunha pequena empresa ou nun taller	X	X
Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	Lingua estranxeira (inglés)	X	
Formación e orientación laboral			X
Formación en centros de traballo			X

Módulo profesional	Unidade de competencia asociada	Susceptible de validar por:	
		Formación profesional ocupacional	Práctica laboral
Familia profesional: industrias alimentarias.			
Ciclo formativo: elaboración de viños e outras bebidas.			
Real decreto polo que se establece o título: 2055/1995, do 22 de decembro (BOE do 16 de febreiro de 1996).			
Decreto polo que se establece o currículo: 347/1999, do 3 de decembro (DOG do 11 de xaneiro de 2000).			
Operacións e control de almacén	1. Organizar e controlar a recepción, a almacenaxe e a expedición de materias primas, auxiliares e produtos terminados na industria de elaboración de bebidas	X	X
Operacións de vinificación	2. Realizar as operacións de vinificación e elaboración doutros caldos fermentados	X	X
Destilaría-licoraría	3. Conducir o proceso de destilación e elaborar augardentes, licores e outras bebidas	X	X
